



Teaching Guide				
Identifying Data				2023/24
Subject (*)	Final Dissertation	Code	613G02041	
Study programme	Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descriptors				
Cycle	Period	Year	Type	Credits
Graduate	2nd four-month period	Fourth	Obligatory	6
Language	GalicianPortuguese			
Teaching method	Hybrid			
Prerequisites				
Department	Letras			
Coordinador			E-mail	
Lecturers	Fernandez Perez-Sanjulian, Carme Ferreiro Fernandez, Manuel Lopez Fernandez, Maria Teresa López Viñas, Xoán Lourenzo Modia, Cilla Lourido Hermida, Isaac Martinez Pereiro, Carlos Paulo Samartin López-Iglesias, Roberto Vizcaino Fernandez, Carlos Caetano		E-mail	carme.fernandez.perez-sanjulian@udc.es manuel.ferreiro@udc.es t.lopez@udc.es xoan.lopezv@udc.es cilla.lourenzo.modia@udc.es isaac.lourido@udc.es carlos.pereiro@udc.es roberto.samartin@udc.es carlos.vizcaino@udc.es
Web	www.udc.gal/export/sites/udc/filo/_galeria_down/TFG/normativa/Regulamento_TFG.pdf_2063069239.pdf			
General description	O traballo de fin de grao supón a realización, por parte de cada estudante e de forma individual, dun proxecto, dunha memoria ou dun estudo concreto sob a supervisión de un/ha ou máis directores/as. Neste traballo deben ser integrados e desenvolvidos os contidos formativos recibidos, así como as capacidades, competencias e habilidades adquiridas durante o período de docencia do grao.			

Study programme competences	
Code	Study programme competences
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A3	Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.
A6	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua inglesa.
A9	Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A18	Ter un coñecemento avanzado da literatura portuguesa.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B2	Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B9	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.



C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Learning outcomes			
Learning outcomes	Study programme competences		
Ser capaz de buscar, xestionar, organizar e interpretar datos nos estudos lingüísticos e/ou literarios co obxecto de emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes deste ámbito de estudos, demostrando ademais un pensamento e xuízo crítico, lóxico e creativo.	A1	B1	C1
	A2	B2	C2
	A3	B3	C3
	A6	B4	C4
	A9	B6	C5
	A10	B7	C6
	A14	B9	C7
	A15	B10	C8
	A18		

Contents	
Topic	Sub-topic
O contido específico do traballo acordarase co titor ou titora dentro do marco da liña do TFG asignada.	Os que xurdiren durante o desenvolvemento do traballo.

Planning				
Methodologies / tests	Competencies	Ordinary class hours	Student?s personal work hours	Total hours
Supervised projects	A1 A2 A3 A6 A10 A14 A15 A18 B1 B2 B3 B7 B9 B10 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	10	120	130
Oral presentation	A9 B4 B6 C1	1	9	10
Personalized attention		10	0	10

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description
Supervised projects	O/A estudante realizará o traballo baixo a dirección dun/ha profesor/a, que orientará, realizará un acompañamento do proceso de elaboración e autorizará a presentación e defensa do mesmo.
Oral presentation	O día sinalado no calendario académico do centro, o/a alumno/a presentará e defenderá o seu traballo perante unha comisión avaliadora nomeada pola Xunta de Facultade, nun tempo máximo de 15 minutos en que deberá expoñer os obxectivos, a metodoloxía, o contido e as conclusións do seu traballo.

Personalized attention	
Methodologies	Description



Supervised projects Oral presentation	O Traballo Fin de Grao elaborárase baixo a coidadosa supervisión do profesorado asignado e non serán admitidos para a súa defensa traballos que non fosen acompañados no seu proceso de elaboración.
--	--

Assessment			
Methodologies	Competencies	Description	Qualification
Supervised projects	A1 A2 A3 A6 A10 A14 A15 A18 B1 B2 B3 B7 B9 B10 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	Será valorado polo/a director/a do traballo segundo o seguinte: 1. Aspectos formais (20%): adecuación ao formato establecido, presentación xeral do texto (exemplos, gráficos, anexos etc.), corrección lingüística. 2. Contido (60%): estrutura do contido (coherente e adecuada ao tema), clareza expositiva, selección e utilización da bibliografía, resultados e conclusións acordes cos obxectivos expostos. 3. Proceso de realización (20%): organización, temporalización, autonomía.	70
Oral presentation	A9 B4 B6 C1	Será valorada polo tribunal segundo o seguinte: 1. Exposición (35%): axustada ao tempo, clara e estruturada, corrección e adecuación lingüística. 2. Contido do discurso (35%): capacidade de síntese, atención aos aspectos relevantes do traballo. 3. Resposta ás observacións do tribunal (15%): resposta axeitada a todas as observacións e preguntas. 4. Utilización de medios e materiais de apoio (15%): utilización de forma efectiva e pertinente de medios audiovisuais e/ou materiais de apoio.	30

Assessment comments



1. O formato establecido para os traballos é o seguinte:

- Terá unha extensión mínima de 9 000 e máxima de 11 000 palabras (para o cómputo non se terán en conta os apartados a), b), c), g) nin h)). Presentarase en PDF con formato A4, con marxes de 2,5 cm, interliñado dobre e letra de 12 puntos. A paxinación dos apartados b) e c) realizarase en numeración romana.

- O traballo incluirá:

a) Capa, na que figurará, obrigatoriamente, o logotipo e o nome da Universidade, o nome da Facultade, a denominación do grao, o título do traballo, o nome do autor ou da autora, o visto e praxe do director ou da directora co seu nome e sinatura electrónica, e o ano de presentación. Non se numerará.

b) Índice do traballo con paxinación.

c) Resumo do traballo, que dará conta necesariamente de obxectivos, metodoloxía, unha síntese dos contidos e as conclusións e será aproximadamente de 500 palabras.

d) Introducción, que deberá incluír os obxectivos do traballo e a explicación e a xustificación da metodoloxía utilizada.

e) Traballo.

f) Conclusións.

g) Referencias bibliográficas

h) Anexos (se os houber)

2. A titorización do traballo por parte do director é obrigatoria. Este arbitrará os mecanismos necesarios para o seguimento das diferentes etapas do proceso de elaboración. Non permitirá a presentación e defensa dun traballo que non fose supervisado ao longo da súa elaboración.

3. A cualificación final do traballo é emitida polo tribunal. É necesaria, polo tanto, a presentación oral.

4. Serán cualificados con "Non presentado" os alumnos que no realicen a presentación oral pública ante o tribunal.

5. Calquera falta de honradez académica (plaxio, é dicir, utilización de textos ou ideas de outros autores sen indicar a procedencia, copiar traballos, ou outras formas) penalizarase de acordo co establecido na normativa académica. Lémbrese que o profesorado dispón da ferramenta "Turnitin" e doutras aplicacións para a detección do plaxio e do uso da intelixencia artificial.

6. A materia poderá ser adaptada ao estudantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade consonte ás indicacións da Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/>), coa que se deberá contactar nos prazos establecidos por esta unidade.

Pódese contar tamén co asesoramento da titora ADI da facultade (pat.filoloxia@udc.gal).

Sources of information

Basic	<ul style="list-style-type: none"> - Cassany, Daniel (1999). Construir la escritura. Barcelona: Paidós - Day, Robert (2008). Como escrever e publicar traballos científicos. Brasília: Livraria e Editora Santos http://es.scribd.com/doc/24732033/Como-Escrever-e-Publicar-Um-Ar - Dias, Maria Olívia (2008). Manual de sugestões para estudantes: estudar e fazer traballos académicos com método. Viseu: Psico & Soma - Fernandes, António José (2002). Métodos e Regras para Elaboração de Traballos Académicos e Científicos. Porto: Porto Editora - Montolío, Estrella (2009). Manual práctico de escritura académica. Barcelona: Ariel - Mutt, José A. Mari (). Manual de redacción científica. Alcalá de Henares: Universidad de Alcalá https://www.uco.es/servicios/informatica/windows/filemgr/do - Pantoja Vallejo, Antonio (coord.) (2009). Manual básico para la realización de tesinas, tesis y trabajos de investigación. Madrid: EOS Universitaria
Complementary	A que recomendar o profesorado que supervise o traballo. A que recomendar o profesorado que supervise o traballo.

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Subjects that continue the syllabus



Other comments

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.